

CAMPO A TRAVÉS – 2ª FASE LOCAL CORUÑA-CIDADE OS MENHIRES-TORRE DE HÉRCULES (A CORUÑA) –13/12/2014

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Atletismo, o Club Marinada Atlético e Club Atletismo Riazor de A Coruña, e a colaboración do Concello de A Coruña

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os clubs, centros de ensino, asociacións, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición no programa XOGADE, da comarca Coruña,.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

INFANTIL....: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

CADETE.....: nados nos anos 2001-2000 masculino e feminino.



OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN 2ª FASE

Cada centro, club ou entidade deportiva poderá participar nesta primeira fase co número de equipos que o desexen en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas previa proposta do Servizo de Deporte correspondente.

Todos os participantes, e adestradores, terán que estar de alta na aplicación informática do programa Xogade, na modalidade de Campo a Través.

LUGAR E DATA

Zona Menhires-Torre de Hércules (A Coruña), o sábado 13 de decembro do 2014

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes nesta 2ª Fase de Campo a Través Escolar, farase antes das **20 horas do martes 9 de decembro do 2014**, utilizando a folia de inscrición, que se inclúe nesta normativa, e que deberán enviar ben por correo electrónico a deportes.coruna@xunta.es e direcciontecnica@fgatletismo.com, ou tamén pódese facer a inscrición a través do sistema on-line da Federación Galega de Atletismo <https://isis.rfea.es/sirfra2/>, coas claves de Usuario e contrasinal asignadas e enviadas a cada club, no caso de non ter dita clave poden solicitala ao Servizo de Deporte ou a Federación Galega de Atletismo. Aínda así, e por cuestións prácticas, prégase o emprego da citada Plataforma, xa que facilita o manexo da información.

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis corredores/as, dos/as que puntuarán os/as catro mellor clasificados/as ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓN

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo. Para o Campionato Intercomarcal clasificaranse os dous mellores equipos e os/as oito primeiros/as atletas de cada categoría, desta 2ª xornada que non se clasificaran xa na 1ª xornada, así como das fases de As Mariñas e Bergantiños.

NOTA: As categorías xuvenil, xúnior, promesa, senior e veteranos participan fora de concurso

PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

Proba As Mariñas.....: mércores 14 de xaneiro en Acea da Ma (Culleredo)

Proba Carballo.....: venres 16 de xaneiro na Zona Industrial de Carballo

Fase Intercomarcal.....: 24 de xaneiro/2015 (confirmarase lugar)

Fase Provincial.....: 31 de xaneiro/2015 na Praia de Cabio (A Pobra do caramiñal)

Fase Galega.....: 7 de febreiro de 2015 (confirmarase lugar da provincia de Ourense))

Campionato de España.....: Pendente de confirmar

NOTA: As datas da Intercomarcal, Provincial e Galego, poderán variar dependendo da confirmación da data do Campionato de España

VESTIARIOS

Estarán a disposición de todos os participantes debidamente sinalizados, os vestiarios dentro das instalacións da Cidade Deportiva da Torre

SECRETARÍA

A secretaría para a recollida dos dorsáis, estará situada nunha sala das instalacións da Cidade Deportiva da Torre

HORARIO DAS PROBAS 2ª XORNADA

HORA	DISTANCIA APROX.	VOLTAS	CATEGORIAS
10:30	550 m.	Volta mini corte B	Benxamin feminino
10:40	550 m	Volta mini corte B	Benxamin masculino
10:50	684 m.	Volta mini corte C	Alevins feminino
11:00	894 m.	SAIDA +volta corte A	Alevins masculino
11:10	894 m.	SAIDA + volta corte A	Infantil feminino
11:20	1688 m.	SAIDA + 2 voltas corte A	Infantil masculino
11:35	1688 m	SAIDA +2 voltas corte A	Cadetes e xuvenil feminino
11:50	2793 m.	SAIDA + 2 voltas corte C	Cadete e xuvenil masculino
12:10	5388 m.	SAIDA+ 2 voltas	xunior, promesa, senior, veteranos mulleres
12:45	8032 m.	SAIDA + 3 voltas	xunior, promesa, senior, veteranos homes

DORSAIS

Recollelense o mesmo día da carreira dende as 9:45 ata media hora antes de cada carreira nas inmediacións do parque dos Menhires.

PREMIOS

Entregarase aos tres primeiros na entrada en meta de cada categoría, por xentileza do Concello de A Coruña por coincidir co IV Cross Parque de los Menhires, sendo as categorías de Xogade as seguintes:

- Benxamín homes e benxamín mulleres
- Alevín homes e Alevín mulleres
- Infantís homes e infantil mulleres
- Cadete homes e cadete mulleres

OUTROS APARTADOS

Os participantes deberán colocarse na saída 10 minutos antes de dar comezo a proba e competir coa equipación oficial do seu club.

- A clasificación por categorías
- A organización establecerá distintos controis polo circuíto para controlar o paso dos participantes.
- Os corredores levarán durante toda a carreira o número colocado no peito de forma visible, sen cortes nin dobreces.
- Aqueles aspectos que non contemple este regulamento serán decididos tendo en conta o regulamento da Federación Galega de Atletismo
- A carreira estará controlada polo comité Galego de xuíces da Federación Galega de atletismo e polo siste

- Todos os corredores oficialmente inscritos terán seguro de accidentes e de responsabilidade civil.
- O CONTROL DE CHEGADA PECHARASE Á SAÍDA DA CARREIRA POSTERIOR E 30 MINUTOS DESPUES DA CHEGADA DO PRIMEIRO CORREDOR NA CARREIRA MASCULINA.
- O feito de inscribirse neste cross implica a aceptación deste regulamento e dá dereito á organización a poder facer uso das imaxes.

CIRCUITO 1ª FASE CAMPO A TRAVÉS ESCOLAR. Sábado 13 de decembro do 2014.

Os Menhires-Torre de Hércules (A Coruña)



A volta mini sairá en dirección aos Menhires dende as inmediacións da meta. Dará volta onde lle corresponde (corte B ou C) e volverá polo corte A en dirección á meta entrando en contra sentido

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Atletismo, que pode consultarse na páxina web da federación: www.atletismogalego.org, e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte "deporte.xunta.es".